

# As mulleres de Salcedo *contra a* *invasión do* *exército*

As mulleres das parroquias de Salcedo pelexaron con valentía co firme propósito de recuperar os seus lexítimos dereitos sobre o monte comunal da parroquia, primeiro contra a ocupación deste monte por parte da Deputación, que o transformou para usos de explotación madeireira (principalmente piñeiro, eucalipto e mimosa), e despois contra a ocupación do Ministerio de Defensa e do exército. Sabedoras da importancia do monte para a comunidade e sabedoras das inxustizas que a administración cometía ao se facer dona dun recurso que lles era propio, defenderon e reclamaron cando foi necesario o que era de todas. Ambos os dous conflitos tiveron unha gran repercusión na parroquia e forman parte da memoria colectiva de Salcedo. Con todo, o mantido co Ministerio de Defensa, tanto pola súa repercusión mediática como polo feito de ser máis recente, segue a estar moi presente na vida e memoria da veciñanza de Salcedo.



A chegada e apropiación por parte dos militares do monte comunal de Salcedo é anterior á presenza da base militar da Brilat e xa durante a época do franquismo instalouse nesta zona un cárcere destinado aos prisioneiros da guerra. Na memoria colectiva desta parroquia consérvanse aínda as historias dun pasado moi presente:

“Eu non a acordo pero eu seino porque mo contaba miña tía e así. Aquí primeiro era a cárcel e claro, ao estar a cárcel, despois foi cando veu o cuartel; cando terminouse a guerra e todo iso... porque a cárcel fixérona cando foi da guerra, cando foi da guerra. Entonces cando foi da guerra foi cando fixeron eso. E collían a xente e andaban homes por aí agachados e collíanos e levábanos. E tiñan, abaixo, por aí abaixo, pola carretera que vén de Figuerido aquí, hacia o cuartel, pois aí había un eucalital que lle chamaban O Viveiro (chamábase O Viveiro pero era de eucalitos) e alí collían a xente e ibana tirar, matábana, e ibana tirar alí a un fondo que había pero era así como ancho...”. [A.S.P.; Salcedo].

Posteriormente, unha vez pechado o cárcere, a administración seguiu a facer uso deste espazo e aquí eran destinados militares que viñan para facer a instrución:

“Despois este espazo cerrouse pero como era do estado, porque era da cárcel, xa empezaron a vir os militares pero viñan nada máis para facer a instrución; polo monte, para facer a instrución. Despois de facer a instrución puxérono como outra cousa, non sei como lle chamaban... CIR13, era o CIR. E despois do CIR foi cando veu esto, a Brilat, cando veu a Brilat”. [A.S.P.; Salcedo].

No entanto, coa chegada da Brilat o conflito foi gañando en intensidade ao negarlle o acceso á veciñanza da zona ao seu monte comunal, que restrinxiran como de uso exclusivo para o exército, e posteriormente foi agravado cando o Ministerio de Defensa ditou unha orde ministerial en 2008 para instaurar unha franxa de seguridade no perímetro da Brilat. As ameazas á veciñanza da parroquia foron en aumento, con casos de agresións por, simplemente, pasar por unha propiedade que era común:

“Pois eu voute a dicir que un día iba a dar eu unha volta polo monte, a dar un paseo, e resulta que viña unha patrulla de militares e me deron o alto, que non podía pasar. Entonces eu dícenlle: “por onde vou pasar? Eu teño que ir para miña casa que se me vai a facer de noite e non podo, non teño por onde ir”. E resulta que non me deixaban, non a señora non pode pasar. Ten que ir por alí. Non, por alí non; eu teño que ir para baixo. Non podo por ese destino, teño que ir para baixo que non podo. Entonces vai unha fulana, que estaba metida no coche, saliu e me empuxou e caí. Dixeron que iban a chamar a Guardia Civil: “Bueno, entonces vamos a chamar a Guardia Civil”. E dixen: “bueno, pois chama. Eu tamén chamo unha ambulancia”, díxenlle eu. E resulta que viña un chico, un veciño meu que se chama Emilio e foi o que me axudou a levantar. Resulta que foi que eu chamei despois ao presidente da Comunidade de Montes [...] e fui a onda el e entonces el veu e dixo: “Bueno, Isabel, hai que denunciar”. Fomos á policía e da policía fun a Montecelo; déronme un parte, que me doía muito a espalda e tal. E coa mesma, houbo un juízo; eu ganeí o juízo. E xa digo, daquela había muita polémica; non deixaban nin siquera nin salir das portas, nada, nada, nada. Había que pedir un pase para ir ao toxo ou... pa todo”. [I.T.C.; Salcedo].



Así pois, cando no ano 2008 se emite por parte do Ministerio de Defensa unha orde que declara a existencia dunha franxa de seguridade que inclúe vivendas particulares como integradas no perímetro de custodia do exército, a veciñanza de Salcedo ve como as súas propiedades e casas quedan supeditadas aos ditames deste ministerio, ao que deben comunicar calquera incidencia, modificación ou solicitude de permiso de obra, etc.

“O problema que tivemos foi que despois ultimamente dicían que aquilo era deles. A min collíanse a casa, collíanlla a esta señora, a outros máis dalí, a Juan o da Raspa, chegaba... e claro, empezaron a dicir que había que facer unha reunión e vir ao monte e xa viñemos. Pero viñemos moitas veces, moita xente. Tamén foi o que deu a vida que veu moita xente, senón... [...]. E despois empezou a xente a vir, a vir, que despois xa ibamos moitos, moita xente; bueno, unha cantidá enorme. [...]. Pero moitos dicían “ponse unha pulga contra un elefante;ponse unha pulga contra un elefante... pensas que vades facer... contra o estado non se fai nada”. [L.C.S.; Salcedo].

Usurpaban os dereitos e as propiedades e facían uso da parroquia como se fosen os seus amos lexítimos. Convivir coa presenza dos militares na parroquia non era fácil e mesmo chegaran a pasar medo pola actitude agresiva e desprezativa dalgúns deles:

“Quando tiraban as bombas e sentíanse os temblores. Caían os cuadros que estaban no pasillo, caían. Caían ao suelo e rompían. E moitas veces mandaban... viñan... viñan os soldados e mandábanos cerrar as ventanas. Cuando tirban aquelas bombas mandaban salir a xente pa fóra e cerrar todo. Cerrar as ventanas. Si”. [I.T.C.; Salcedo].

“Andaban de noite. Estabas na cama a descansar e, claro, a miña casa é na carretera; bueno, pasa por diante da porta, e tanta tropa, trucutrum! E eu asusteime. E dime o meu marido: “son os militares, son os militares, vai mirar”. E abrín a ventana do pasillo, mi madre, xa iban na de Marina e pasaban pa baixo! “no se asuste, señora; no se asuste”. Porque me miraron. Eu abrín a ventana e púxenme así”. [L.C.S.; Salcedo].

Vivían como nun campo de batalla, da noite para a mañá, sen teren decidido nada ao respecto. Os militares ademais, sentíndose nunha situación de superioridade sobre a veciñanza e como propietarios en exclusiva do territorio que ocupaban, construían e facían manobras en áreas próximas ás casas con total impunidade.

“Pero temos pasado... cando facían alá, pa parte de alá, daqueles árbores que se miran, unha aldea afgana... porque querían facer un campo de aviación, primeiro dicían que era para facer un campo de aviación. E despois colleron a explanada e fixeron... canto casuchos de bloque? Nós a pasar, non nos deixaban, polo camiño arriba... eu por dúas veces que estaban os GEOS... porque eu como nunca estuven nesas cousas, eu tiña un medo! Eu caíanme as lágrimas co medo que pasaba, temblaba co medo. Porque viñan a toda a hostia, a min se me daban xa me tiraban por alá abaixo a tombos, porque eran unhas caras respectosas, e con aqueles traxes pero nós coa cantidá que viñamos seguimos adiante e fixémoslle frente e mira! Porque non tiñan a razón!



Eles querían traballar o monte xa, limpiar todo, aquelar o monte. Desfacelo todo. Porque desfacer xa o desfizeron... porque nos botaron terra da tren, botárona toda aí”. [L.C.S.; Salcedo].

A veciñanza, como contrapartida, organizábase para lle dar resposta a estes abusos e mostrar o seu rexeitamento a unha situación que lles veu imposta. Moitas mulleres de Salcedo participaron destas accións de protesta e, cando non podían por motivos laborais ou doutro tipo, sentíanse representadas polos seus familiares e polo conxunto de veciños e de veciñas:

“Pero se non iba a miña filla, iba o meu xenro; o meu xenro, a miña filla; e teñen ido os dous. Pero ao mellor despois tiñamos que ir pola tarde tamén e cando íbamos pola tarde, entónces iba”. [A.S.P.; Salcedo].

Organizáronse manifestacións, concentracións, convocáronse os medios... houbo que facerlle fronte aos insultos, á chulería con que algúns desprezaban as súas reivindicacións, ás multas e mesmo ás agresións:

“Iso foi a primeira entrevista que tuvemos que fomos pola entrada; porque tiñamos permiso para ir. Pola entrada do cuartel, pola parte de alá, ao chegar ao portalón que hai. E entónces, claro... pero aquel día había unha cantidá de xente enorme! Que eramos moitos, moitísimos así todos esos que viñan non lle gustaba que hubiera aquela manifestación alí diante e moitos facían os cornos, así coas dúas mans polas ventanillas, a arremedar, a botar a lingua fóra... eu ríame como unha parva. Dixen eu: “mira, que saberán eles!”. E que diría aquela xente despois? [...]. Fóramos a dúas... no mesmo día para fastidialos, para dicirlle que nós que tiñamos a razón que o monte é noso. E tamén tiñamos que dicir: “o monte é noso! O monte é noso!”. Todos, hombre! E gañamos que tiñamos a razón senón non nola daban”. [L.C.S.; Salcedo].

“E eu de feito aí no cuartel pasoume o mesmo e levei un hostión por estar diante. Se estivera atrás ao mellor non o levaba! E cando foi da empacadora igual; os que estaban adiante, dábble igual que foran mulleres ou que fora o que fora. Eu penso que... esas persoas, eu non sei, non entendo como é o sistema deles, pero eu penso que veñen ao que veñen e lles dá igual, quen estea diante, quen estea detrás. Lles dá exactamente o mesmo. Porque iso... Eu solo pensalo agora... a ver, daquela o facías porque eu penso que non pensabas moito tampouco...”. [M.C.F.; Salcedo].

Paralelamente a estas accións, desenvolvéronse outras estratexias coas que facer presión sobre unha administración allea á problemática e que negaba os dereitos da veciñanza de Salcedo. Así pois, presentáronse reclamacións tanto por vía administrativa e como legal que, amparadas pola reivindicación da veciñanza, deron lugar ao inicio de conversas para determinar as condicións da devolución dun terreo usurpado á parroquia:

“Que eles querían coller todo e non querían dar o monte, que era deles. E despois, claro, como puxeron un avogado e preguntáronlle a quen llo compraran. Primeiro dicían que o compraran e a quen? Pero como non había a quen... Os fulanos que puxeron empezaron a traballar e ganamos. Porque tiñamos razón”. [L.C.S.; Salcedo].



Despois de longas e tensas negociacións, a veciñanza e o tecido social da parroquia conseguiron recuperar o monte que lles pertencía e non só:

“Agora eles pagan un alquiler. Teñen un alquiler e pagan... Hai que dar cartos. E todo vai po monte eh! Pa limpialo, pos árboles, todo po monte; pa plantío, pa de todo; todo vai po monte, todo vai po monte. Iban dous homes case diarios, no monte, coas máquinas. Case diario porque... porque eu hasta alá hasta o Campo do tiro vou case todos os días. Pero...”. [A.S.P.; Salcedo].

“E mira, quedaron aí igual... que eles o que tiñan é medo a que os botaran fóra e agora están pagando... [...]. E quedaron aí e cada un está na súa. Nin eles se meten con nós nin nós con eles. Agora pódese andar por todo o monte! Nós e todo o mundo; mira cantos ciclistas pasan por aí arriba! Agora é libre. E así”. [L.C.S.; Salcedo].

A confianza, a persistencia, a convicción na crenza dos dereitos das veciñas e dos veciños levou a estas mulleres de Salcedo a seren protagonistas dunha historia de loita e recuperación dos dereitos comúns e contra as aldraxes de quen quer impor de forma autoritaria a súa vontade. E como se aínda hoxe tivesen demostrar diante de quen lles negaba os seus dereitos o seu valor e determinación, reafirman:

*“Pero era unha historia que nadie a creía e quedou a xente coa boca aberta”.*  
[L.C.S.; Salcedo].